

Estimado Conselleiro de Educación:

Queremos agradecerlle a súa presenza no debate da iniciativa a favor da Filosofía que foi recentemente aprobada no Parlamento. Entendemos ese xesto dentro da súa apretada axenda e queremos agradecerllo sinceiramente. Mais logo de que vostede fixera público en Sede parlamentaria a relación de materias das cales se convocarán prazas de oposición no ano 2018 ficamos preocupadas e preocupados pola execución de dito acordó. Non se convocan oposición desde o ano 2008, isto significa que o próximo ano fará unha década sin que a Consellería de Educación oferte unha soa praza de Filosofía.

Neste momento no sistema educativo galego existen só 29 docentes no listado de profesorado interino na materia de Filosofía, número claramente insuficiente para garantir a docencia da área de Filosofía nos centros se se aplica o acordo parlamentario conseguido o día 18. Ante esta situación e dada a recenté aprobación da PNL a favor da Filosofía por parte do Parlamento queremos manifestarlle a nosa preocupación e pedirlle que se revise a oferta de emprego público no referido á materia de Filosofía a vista dos datos de persoas interinas actuais e o crecente número de xubilacións entre o noso colectivo.

Un saúdo moi cordial

En nome da Comisión promotora de #FilosofíaSI:

Jorge A. Yágüez, Eva Garea, Carme Adán